



Guía Básica

# EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL



XUNTA DE GALICIA

# | EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

guía básica

XUNTA DE GALICIA  
ISSGA  
2011

**Edita:**

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)

**Coordinación:**

Alberto Conde Bóveda. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

**Revisión:**

M<sup>ª</sup> Jesús Copa Arias. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

**Depósito Legal:** C 1129-2011

**Imprime:** Difux, S.L.

# ÍNDICE




## ÍNDICE

---

|  |    |
|--|----|
| 1.- Introducción   | 07 |
| 2.- Normativa aplicable  | 13 |
| 3.- Definición de equipo de protección individual                        | 17 |
| 4.- Cando se deben utilizar os equipos de protección individual?         | 21 |
| 5.- Clasificación dos equipos de protección individual                   | 25 |
| 6.- Esixencias esenciais dun equipo de protección individual             | 43 |
| 7.- Obrigas sobre equipos de protección individual                       | 47 |
| 8.- Dereitos sobre equipos de protección individual                      | 57 |
| 9.- Programa de protección persoal                                       | 61 |
| 10.- Condicións de comercialización dos equipos de protección individual | 69 |
| 11.- Conclusións   | 81 |
| 12.- Anexos  | 85 |
| 13.- Bibliografía  | 91 |





# Introducción



## 1.- INTRODUCCIÓN

A protección das persoas traballadoras fronte aos riscos derivados do traballo é un dos obxectivos principais da normativa en prevención de riscos laborais.

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, ten por obxecto promover a seguridade e saúde dos/as traballadores/as e regular as actuacións mínimas que cómpre desenvolver por parte do empresariado e persoal traballador nesta materia.

Un dos principios básicos de acción preventiva desenvolvidos por esta lei é “combaten os riscos na orixe”, pero isto non sempre se consegue e o/a traballador/a ten que entrar en estreito contacto con situacións de risco, polo que, en ocasións, é necesario adoptar outro tipo de medidas, como poden ser as individuais.

Con todo, hai que considerar outro dos principios de acción preventiva: “adoptar medidas que antepoñan a protección colectiva (aquela que protexe simultaneamente máis dunha persoa) á individual (aquela que protexe exclusivamente o/a traballador/a que a utiliza)”.


En resumo, o principio xeral de actuación preventiva establece que, cando non é posible eliminar nin minimizar de xeito suficiente un risco, hai que recorrer a proteccións colectivas, e só se non hai máis remedio está xustificada recorrer a proteccións individuais.

No entanto, cómpre dicir que a transcendencia da protección individual para a prevención de riscos laborais ten unha importancia crucial e é unha parte importante da estratexia de seguridade que se aplica nas empresas, pois protexe o/a traballador/a fronte a riscos cos que, doutra forma, estaría en contacto directo.

Un equipo de protección individual (EPI) nunca elimina, nin tan sequera controla, unha situación de risco. O control das situacións de risco só se consegue implantando os medios que impidan a presenza de riscos no posto de traballo e os EPI unicamente reducen ou eliminan as consecuencias persoais ou lesións que este poida provocar no/na traballador/a.

A maior parte das actividades que a persoa traballadora desempeña poden requirir da utilización dun EPI, polo que existirá un EPI adecuado a cada unha das tarefas que implique riscos.

## ELIMINAR OU REDUCIR OS RISCOS PROFESIONAIS



*Todas e cada unha das medidas encamiñadas a conseguir que as empresas melloren as súas condicións de seguridade e saúde laboral son importantes e necesarias.*

Aínda que a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, determina o corpo básico de garantías e responsabilidades preciso para establecer un adecuado nivel de protección da saúde dos/das traballadores/as fronte aos riscos derivados das condicións de traballo, serán as normas regulamentarias as que irán fixando e concretando os aspectos máis técnicos das medidas preventivas, é dicir, establecerán as medidas mínimas que se deben adoptar para a adecuada protección dos/das traballadores/as. Entre elas atópanse as destinadas a garantir que utilicen no traballo de equipos de protección individual que os protexan adecuadamente daqueles riscos para a súa saúde ou a súa seguridade que non se poidan evitar ou limitar suficientemente mediante a utilización de medios de protección colectiva ou a adopción de medidas de organización do traballo.

Igualmente, o Convenio número 155 da Organización Internacional do

Traballo, do 22 de xuño de 1981, ratificado por España o 26 de xullo de 1985, establece no seu artigo 16.3 a obriga dos empregadores de equipar os/as seus/súas traballadores/as con roupas e equipos de protección apropiados co fin de prever os riscos de accidentes ou de efectos prexudiciais para a súa saúde.

O obxectivo que se perseguiu coa elaboración desta guía é a concienciación sobre a importancia dos equipos de protección individual como última barreira entre o/a traballador/a e o risco, presentando un documento sinxelo e de fácil aplicación onde se recollan os aspectos esenciais nos que se debe fundamentar a elección e utilización destes equipos. Así, proporciónanse unha serie de recomendacións que intentan facilitar a elección destes equipos para a súa adecuación a/o traballador/a nas condicións en que esta realiza as súas tarefas.

Se tras ler esta guía se teñen claras cuestións do tipo:

- Que equipos se deben utilizar.
- Cando se deben utilizar.
- Como se deben manter.
- A comodidade e sensación de protección á hora de realizar o traballo.

Poderemos dicir que o noso obxectivo se acadou con éxito.





2

**Normativa aplicable**



## 2.- NORMATIVA APLICABLE

A utilización de equipos de protección individual, e en particular as obrigas e dereitos referentes á materia, están recollidas en:

- De forma xeral, na **Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais**, do 8 de novembro (BOE n.º 269, do 10 de novembro):
  - **Capítulo VI:** Obrigas dos fabricantes, importadores e subministradores.
  - **Art. 29:** Obrigas dos traballadores/as en materia de prevención de riscos laborais.
  - **Art. 17:** Equipos de traballo e medios de protección.

E no **Real decreto 39/1997**, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

- **Real decreto 773/1997**, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización por parte das persoas traballadoras de equipos de protección individual (BOE n.º 140, do 12 de xuño, e o posterior n.º 171, do 18 de xullo de 1997, para corrección de erratas): establece as obrigas xerais do empresario/a, os criterios para o emprego e as condicións que deben reunir os EPI, a súa elección, utilización, etc., e inclúe varios anexos nos que se sinalan:
  - O esquema indicativo para o inventario de riscos co fin de utilizar os EPI.
  - A lista indicativa de EPI.
  - A lista de actividades ou sectores de actividades que poidan requirir a utilización de EPI.
  - Indicacións non exhaustivas para a avaliación dos EPI.

Outras disposicións que fan referencia aos equipos de protección individual son:

- **Real decreto 1407/1992**, polo que se regulan as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos equipos de protección individual: establece os requisitos mínimos que deben cumprir os equipos de protección individual que se comercialicen na Comunidade Europea (cando o equipo de protección individual satisfaga as esixencias

requiridas, pódese comercializar, e identificarse coa marcación CE). Así mesmo, establece que o fabricante ten a obriga de elaborar e entregarlle ao usuario un folleto informativo sobre a correcta utilización e conservación do equipo.

- **Real decreto 159/1995**, polo que se modifica o Real decreto 1407/1995, que regula as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos equipos de protección individual.
- **Disposicións sobre seguridade e saúde** que conteñen algunhas referencias aos EPI:
  - Real decreto 396/2006 (BOE do 11-04-2006), polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto.
  - Real decreto 374/2001, do 6 de abril (BOE do 01-05-2001), sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores/as contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo.
  - Real decreto 286/2006 (BOE do 11-03-2006), sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores/as contra os riscos relacionados coa exposición ao ruído.
  - Real decreto 413/1997 (BOE do 16-04-1997), sobre protección operacional dos traballadores/as externos/as con risco de exposición a radiacións ionizantes por intervención en zona controlada.

A adaptación da lexislación dos países membros da Unión Europea no tema dos EPI baséase nas directivas 89/686/CEE e 89/656/CEE, que tratan respectivamente da aproximación das lexislacións dos Estados membros relativas aos equipos de protección individual e das disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización por parte dos traballadores do EPI.

A primeira delas foi trasposta no noso país polo Real decreto 1407/1992 (BOE do 28 de decembro de 1992) e a segunda polo Real decreto 773/1997 (BOE do 12 de xuño de 1997).



3

## Definición de equipo de protección individual



### 3.- DEFINICIÓN DE EQUIPO DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

A protección persoal ou individual ten como obxectivo protexer a persoa traballadora das agresións externas, xa sexan de tipo físico, químico ou biolóxico, que se poden presentar no desempeño da súa actividade.

Segundo a normativa vixente, defínese equipo de protección individual (EPI) como:

*Calquera equipo destinado a ser levado ou suxeitado polo/la traballador/a para que o protexa dun ou varios riscos, e calquera complemento ou accesorio destinado a este fin.*

Así, tamén se considerarán EPI:

- O conxunto formado por varios dispositivos ou medios que o fabricante asocie de forma solidaria para protexer unha persoa contra un ou varios riscos que poidan ocorrer simultaneamente.
- Un dispositivo ou medio protector solidario, de forma dissociable ou non dissociable, dun equipo individual non protector, que leve ou do que dispoña unha persoa co obxectivo de realizar unha actividade.
- Os compoñentes intercambiabes dun EPI que sexan indispensables para o seu funcionamento correcto e que se utilicen exclusivamente para ese EPI.

Non se consideran EPI para efectos legais:

- A roupa de traballo corrente e os uniformes que non estean especificamente destinados a protexer a seguridade e a saúde dos traballadores/as, é dicir, cuxa finalidade sexa unicamente hixiénica ou distintiva.
- Os equipos dos servizos de socorro e salvamento.
- Os equipos de protección individual dos militares, dos policía e das persoas dos servizos de mantemento da orde.
- Os equipos de protección individual dos medios de transporte por estrada.

- O material de deporte.
- O material de autodefensa ou disuasión.
- Os aparellos portátiles para a detección e sinalización dos riscos e dos factores de molestia.

Os EPI son elementos esenciais de toda estratexia de control do risco e pódense utilizar eficazmente se se coñece ben o lugar que ocupan na cadea de risco.

Á hora de definir un EPI, cómpre ter en conta unha serie de consideracións:

- Non é un útil de traballo, senón un elemento destinado exclusivamente a protexer o traballador/a fronte a un risco. Polo tanto, as ferramentas e útiles de traballo, aínda que leven algún elemento de protección, non son EPI.
- Debe ser levado ou suxeitado polo traballador/a. Por exemplo, unhas luvas illantes considéranse EPI, pero non é considerada así unha banqueta illante.
- É un elemento de protección para o traballador/a que o utiliza, non para produtos ou persoas alleas. Por exemplo, non son EPI a roupa e luvas que utilizan os manipuladores destinada a protexer os alimentos.
- Inclúen os complementos ou accesorios necesarios para o correcto funcionamento do EPI. Por exemplo, os filtros que forman parte das máscaras.

**LEMBRA...** *Un EPI é un equipo individual, xa que só é usado pola persoa que realiza o traballo, que é a que se aproveita de forma exclusiva da protección que proporciona.*



4

**Cando se deben  
utilizar os equipos de  
protección individual?**



#### 4.- CANDO SE DEBEN UTILIZAR OS EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL?

Os equipos de protección individual débense utilizar cando existan riscos para a seguridade ou saúde dos/das traballadores/as que non se poidan evitar ou limitar suficientemente por medios técnicos de protección colectiva ou mediante medidas, métodos ou procedementos de organización do traballo.

Isto significa que, antes de lles facilitar EPI aos/as traballadores/as que realicen actividades que o requiran, hai que valorar a implantación de medidas sobre o foco (orixe) do risco e o medio.

Tanto legal como técnica e moralmente o uso dun EPI só queda xustificado cando:

É imposible eliminar o risco.


É imposible instalar unha protección colectiva eficaz.

Existe un risco residual a pesar das medidas de protección colectiva (utilízase como medida complementaria).

Hai ocasións nas que pode ser útil e aceptable o uso dun EPI para protección en situacións de risco esporádicas, en situacións de emerxencia ou mentres se implantan outras medidas de protección colectiva.

*Hai que lembrar que se debe utilizar o equipo de protección individual proporcionado nas zonas en que estea sinalizada a obrigatoriedade de uso.*

## PROCESO DE DECISIÓN





5

## Clasificación dos EPI



## 5.- CLASIFICACIÓN DOS EPI

A diversidade das partes do corpo que cómpre protexer fai que existan moitas clases de EPI e que sexan moitas as características que se deben ter en conta.

Os EPI pódense clasificar de moitas maneiras segundo o criterio elixido:

- En función do grao de protección que ofrecen:
  - PARCIAIS: protexen determinadas zonas do corpo: casco, luva, calzado...
  - INTEGRAIS: protexen o individuo sen especificar zonas determinadas do corpo: dispositivos anticaída, traxes ignífugos...
- En función dos riscos específicos para os que están deseñados:
  - EPI de protección fronte a agresivos mecánicos: cascos, luvas, orlleiras, calzado...
  - EPI de protección fronte a agresivos químicos: máscara, equipos autónomos...
  - EPI de protección fronte a agresivos biolóxicos: traxes especiais...
- En función da zona do corpo que se quere protexer:
  - Protectores da cabeza.
  - Protectores do oído.
  - Protectores dos ollos e da cara.
  - Protectores das vías respiratorias.
  - Protectores das mans e dos brazos.
  - Protectores dos pés e das pernas.
  - Protectores da pel.
  - Protectores do tronco e do abdome.
  - Protectores de todo o corpo.
- En función do criterio de clasificación adoptado polo Real decreto 1407/1992, atendendo á súa categorización. Este criterio ten en conta o diferente nivel de gravidade dos riscos para os que se destinan os

equipos, o seu nivel de deseño e, polo tanto, o seu nivel de fabricación e control.

- **CATEGORÍA I:** son os EPI destinados a protexer contra riscos mínimos, é dicir, aqueles nos que, polo seu deseño sinxelo o usuario/a pode xulgar por si mesmo a súa eficacia contra riscos mínimos e cuxos efectos, cando sexan graduais, poidan ser percibidos a tempo e sen perigo para o usuario/a. Protexen o usuario/a dunha serie de riscos entre os que se atopan:
  - Agresións mecánicas de efectos superficiais: luvas de xardinaría, dedís, etc.
  - Produtos de mantemento pouco nocivos, cuxos efectos sexan facilmente reversibles: luvas de protección contra solucións deterxentes, etc.
  - Manipulación de pezas quentes que non superen os 50 °C: luvas, mandís profesionais, etc.
  - Axentes atmosféricos que non sexan nin excepcionais nin extremos: gorras, zapatos, botas, etc.
  - Pequenos choques e vibracións que non afecten a partes vitais do corpo e que non provoquen lesións irreversibles: cascos lixeiros de protección do coiro cabeludo, luvas, calzado lixeiro, etc.
  - Radiacións solares: lentes de sol.
- **CATEGORÍA II:** son os EPI destinados a protexer fronte a riscos de grao medio ou elevado, pero non de consecuencias mortais ou irreversibles.
- **CATEGORÍA III:** son os EPI destinados a protexer contra riscos de consecuencias mortais ou irreversibles, é dicir, aqueles de deseño complexo, destinados a protexer o usuario/a de todo perigo mortal ou que poida danar gravemente ou de forma irreversible a saúde, sen que se poida descubrir a tempo o seu efecto inmediato:
  - Equipos de protección respiratoria filtrantes que protexan contra aerosois sólidos e líquidos ou contra gases irritantes, perigosos e tóxicos.
  - Equipos de protección respiratoria completamente illantes da atmosfera.
  - EPI que só brindan unha protección limitada no tempo contra as agresións químicas ou contra as radiacións ionizantes.
  - EPI para ambientes cálidos cuxos efectos sexan comparables aos dunha temperatura ambiental igual ou superior a 100 °C.
  - EPI para ambientes fríos cuxos efectos sexan comparables aos dunha temperatura ambiental igual ou inferior a -50 °C.

- Os destinados a protexer contra as caídas desde unha determinada altura.
- Os destinados a protexer contra os riscos eléctricos, para traballos realizados baixo tensións perigosas ou os que se utilicen como illantes de alta tensión.

Todos os EPI deberán responder ás condicións existentes no lugar de traballo, ter en conta as condicións anatómicas, fisiolóxicas e o estado de saúde do traballador/a, e adecuarse a este tras os axustes necesarios.

A continuación veremos, a modo de exemplo, algúns tipos de equipos de protección individual, algunhas referencias ás normas UNE\* que lle son de aplicación e algunhas das actividades en que pode ser preceptivo o seu uso.

(\*) As normas UNE-EN son unha transposición das normas europeas EN. O organismo que edita e distribúe as normas en España é AENOR (Asociación Española de Normalización y Certificación) . Así, mentres a lexislación en forma de reais decretos establece unhas pautas ou directrices que cómpre seguir, a normativa, en forma de normas UNE-EN, establece os criterios técnicos para desenvolver a lexislación. Polo tanto, as normas UNE son documentos elaborados por AENOR que conteñen especificacións técnicas para unha actividade ou produto e que foron consensuadas entre todas as partes implicadas.

### Protección de cabeza

Utilizárase sempre que as condicións de traballo obriguen a iso, especialmente pola existencia de risco de caída do operario/a ou de materiais sobre el. Protexe a persoa traballadora de:

- Caídas de obxectos.
- Golpes na cabeza.
- Proxección violenta de obxectos.
- Contactos eléctricos.
- Riscos térmicos.



| Protectores                                     | Normas UNE  | Actividades para o seu uso  |
|---|---|---|
| Cascos de seguridade.                           | <p><b>UNE-EN 397:</b> Cascos de protección para industria.</p> <p><b>UNE-EN 812:</b> Cascos contra golpes para a industria.</p> <p><b>UNE-EN 13087:</b> Cascos de protección.</p> <p><b>UNE-EN 443:</b> Cascos para a loita contra o lume nos edificios en outras estruturas.</p> <p><b>UNE-EN 50365:</b> Cascos electricamente illantes para utilización en instalacións de baixa tensión.</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Obras de construción.</li> <li>• Traballos en pontes metálicas, edificios e estruturas metálicas de grande altura.</li> <li>• Obras en fosas, gabias, pozos e galerías.</li> <li>• Traballos en explotacións.</li> <li>• Actividades en ascensores.</li> <li>• Manobras de trens.</li> <li>• Traballos en matadoiros.</li> </ul> |
| Cascos de protección contra choques e impactos. |   |   |
| Pezas de protección para a cabeza.              |   |   |
| Cascos para usos especiais.                     |   |   |

### Protección de cara e ollos

Clasifícanse en:

- Pantallas: cobren a cara do usuario/a.
  - De soldadores: de man, cabeza ou axustables a cascos.
  - Faciais: de malla metálica, con visores de plástico, tecidos aluminizantes, etc.
- Lentes: protexen os ollos do usuario/a.
  - Tipo universal.
  - Tipo copa ou cazoleta.
  - Tipo integral.



As **lentes ou pantallas de seguridade** utilizaranse cando exista risco por proxeccións de partículas sólidas, de líquidos (cáusticos, corrosivos...), exposición a radiacións nocivas ou a atmosferas contaminadas.

Os requisitos básicos que cómpre ter en conta para a súa elección son:

- Resistencia ao impacto.
- Boas calidades ópticas.
- Lixeireza.
- Indeformabilidade.
- Filtro de radiacións.

| Protectores  | Normas UNE  | Actividades para uso de protectores   |
|--|---|---|
| <p>Lentes de montura:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- universal</li> <li>- integral</li> <li>- cazoletas</li> </ul> | <p><b>UNE-EN 170:</b> Protección individual dos ollos. Filtros para o ultravioleta. Especificacións do coeficiente de transmisión (transmitancia) e uso recomendado.</p>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballos de soldadura.</li> <li>• Traballos de perforación e burilado.</li> <li>• Talla e tratamento de pedras.</li> </ul>  |
| <p>Pantallas faciais</p>   | <p><b>UNE-EN 171:</b> Protección individual dos ollos. Filtros para o infravermello. Especificacións do coeficiente de transmisión (transmitancia) e uso recomendado.</p>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Recollida e fragmentación de vidro e cerámica.</li> </ul>  |
| <p>Pantallas para a soldadura</p>  | <p><b>UNE-EN 172:</b> Protección individual do ollo. Filtros de protección solar para uso laboral</p> <p><b>UNE-EN 14458:</b> Protección individual dos ollos. Pantallas faciais e visores para usar cos cascos de bombeiros e os de protección industrial de altas prestacións empregados polos servizos de bombeiros, de ambulancia e de emerxencias.</p> <p><b>UNE-EN 1731:</b> Protección individual dos ollos. Protectores oculares e faciais de malla.</p> <p><b>UNE-EN 379:</b> Protección individual do ollo. Filtros automáticos para soldadura.</p> <p><b>UNE-EN 175:</b> Protección individual. Equipos para a protección dos ollos e a cara durante a soldadura e técnicas afíns.</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Manipulación ou utilización de ácidos, desinfectantes, deterxentes corrosivos e dispositivos con chorro líquido.</li> <li>• Traballos con láser.</li> <li>• Traballos eléctricos en tensión ou baixa tensión.</li> </ul> |

## Protectores auditivos

Utilizaranse cando se desempeñen operacións que xeren un nivel de ruído elevado. Para que resulten eficaces, deben ser levados durante todo o tempo que dure a exposición.

Clasifícanse en:

- Tapón: vai inserido na canle auditiva externa, pechándoa de forma hermética. Poden ser de goma, plástico ou materiais similares.
- Orelleiras: envolven o pavillón externo do oído. Constan de dous casquetes e dun arnés de suxeición.
- Casco antirruído: cobre o pavillón externo do oído e parte da cabeza.

Téñense que usar obrigatoriamente cando se estea exposto a niveis continuos diarios superiores a 85 dB(A) e estar á disposición dos traballadores/as expostos cando se superan niveis de 80 dB(A).

| Protectores   | Normas UNE  | Actividades para o uso de protectores  |
|---|---|--|
| Tapóns: desbotables ou reutilizables.                           | <b>UNE-EN 352-1:</b> Protectores auditivos. Requisitos xerais. Parte 1: Orelleiras.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilización de prensas para metais.</li> <li>• Traballos con dispositivos de aire comprimido.</li> <li>• Actividades do persoal de terra en aeroportos.</li> <li>• Traballos de percusión.</li> <li>• Traballos do sector da madeira e téxtil.</li> </ul> |
| Orelleiras con arnés de cabeza, baixo queixo ou de caluga.      | <b>UNE-EN 352-2:</b> Protectores auditivos. Requisitos xerais. Parte 2: Tapóns.   |  |
| Cascos antirruído.  | <b>UNE-EN 352-3:</b> Protectores auditivos. Requisitos xerais. Parte 3: Orelleiras axustadas a cascos de protección.              |  |
| Protectores axustables aos cascos de protección para industria. | <b>UNE-EN 352-4:</b> Protectores auditivos. Requisitos de seguridade e ensaios. Parte 4: Orelleiras dependentes do nivel.         |  |
| Protectores auditivos dependentes do nivel.                     | <b>UNE-EN 352-5:</b> Protectores auditivos. Requisitos de seguridade e ensaios. Parte 5: Orelleiras con redución activa do ruído. |  |
| Protectores auditivos con aparellos intercomunicadores.         | <b>UNE-EN 352-6:</b> Protectores auditivos. Requisitos xerais e   |  |

|  |   |  |
|--|---|--|
|  | <p>ensaíos. Parte 6: Orelleiras con entrada eléctrica de audio.</p> <p><b>UNE-EN 352-7:</b> Protectores auditivos. Requisitos de seguridade e ensaios. Parte 7: Tapóns dependentes do nivel.</p> <p><b>UNE-EN 352-8:</b> Protectores auditivos. Requisitos de seguridade e ensaios. Parte 8: Orelleiras con audio de entretemento.</p> <p><b>UNE-EN 458:</b> Protectores auditivos. Recomendacións relativas á selección, uso, precaucións de emprego e mantemento. Documento guía.</p> |  |
|--|---|--|

### Protección de extremidades superiores

Protexen de riscos mecánicos, eléctricos, químicos e térmicos e poden estar feitos en tecido, coiro, caucho, malla metálica...: luvas, manoplas, mitóns, mangos, dediles, manguitos, etc.

| Protectores  | Normas UNE  | Actividades para o uso de protectores  |
|--|---|--|
| <p>Manguitos e mangos protectores do antebrazo e brazo.</p> <p>Luvas.</p> <p>Luvas de metal trenzado, malla metálica</p> | <p><b>UNE-EN 420:</b> Luvas de protección. Requisitos xerais e métodos de ensaio.</p> <p><b>UNE-EN 388:</b> Luvas de protección contra riscos mecánicos.</p> <p><b>UNE-EN 12477:</b> Luvas de protección para soldadores.</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Desosado ou partido.</li> <li>• Soldadura, manipulación de obxectos con arestas cortantes, manipulación ou utilización de produtos ácidos e alcalinos, traballos con riscos eléctricos (luvas illantes).</li> </ul> |

| Protectores | Normas UNE  | Actividades para o uso de protectores   |
|-------------|---|---|
|             | <p><b>UNE-EN 374:</b> Luvas de protección contra os produtos químicos e os microorganismos.</p> <p><b>UNE-EN 407:</b> Luvas de protección contra riscos térmicos (calor e/ou lume).</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Desosado e partido, utilización de coitelos de man en produción e matadoiros, substitución de coitelas en máquinas de cortar.</li> </ul> |

### Protección de extremidades inferiores

Protexen de riscos mecánicos, eléctricos, químicos e térmicos, e poden estar fabricados de diferentes materiais (coiro, caucho...) acordes co risco. Existen varios tipos de protección: botas, zapatos, sandalias, etc.



| Protectores   | Normas UNE   | Actividades para o uso de protectores  |
|---|--|--|
| <p>Calzado de seguridade.</p> <p>Calzado de protección.</p> <p>Calzado de traballo.</p> <p>Calzado e cobrecalzado para a protección contra a calor e o frío.</p> <p>Calzado protector fronte á electricidade.</p> <p>Calzado de protección contra as motoserras.</p> <p>Protectores amovibles da empeña.</p> <p>Solas amovibles.</p> <p>Xeonlleiras.</p> <p>Polainas.</p> | <p><b>UNE-EN ISO 20345:</b> Equipo de protección individual. Calzado de seguridade.</p> <p><b>UNE-EN ISO 20346:</b> Equipo de protección persoal. Calzado de protección.</p> <p><b>UNE-EN ISO 20347:</b> Equipo de protección persoal. Calzado de traballo.</p> <p><b>UNE-EN ISO 13287:</b> Equipos de protección individual. Calzado. Método de ensaio para a determinación da resistencia ao escorregamento.</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballos en obra grosa e estradas.</li> <li>• Obras de demolición, construción de formigón.</li> <li>• Actividades en obras de construción e teitado.</li> <li>• Traballos de pontes metálicas e edificios de grande altura.</li> <li>• Traballos de transformación e almacenamento.</li> <li>• Obras de construción naval.</li> <li>• Manobras de trens.</li> </ul> |

| Protectores | Normas UNE   | Actividades para o uso de protectores   |
|-------------|--|---|
|             | <p><b>UNE-EN 12568:</b> Protectores de pés e pernas. Requisitos e métodos de ensaio de topes e solas metálicas resistentes á perforación.</p> <p><b>UNE-EN 14404:</b> Equipos de protección individual. Xeonlleiras para traballos en posición axeonllada.</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades sobre ou con masas ardentes ou moi frías.</li> </ul> |

O calzado de seguridade pódese clasificar:

- Segundo o tipo de risco:
  - Contra riscos mecánicos:
  - Calzado fronte a golpes e esmagamentos: provisto de punteira de seguridade.
  - Calzado fronte a picaduras na planta do pé: provisto de sola de seguridade.
  - Calzado fronte a golpes, esmagamentos e picaduras: provisto de punteira e sola de seguridade.
- Segundo a súa forma:
  - Calzado:
    - Bota (baixa, de media cana, alta...): cobre polo menos o pé e o nocello.
    - Zapato: cobre totalmente o pé.
    - Sandalia.
  - Polainas.
  - Cubrepés.

A todo tipo de calzado en xeral cómpre esixirille certas características antiescorregadizas para evitar caídas, polo que deberán posuír na sola e no tacón unha superficie con resaltes.

### Protección das vías respiratorias

Será necesaria cando exista risco de emanacións nocivas, como gases, po e fumes, adaptando o filtro adecuado ao contaminante existente. O uso destes

equipos está indicado cando exista unha deficiencia de oxíxeno no aire ou cando o aire estea contaminado por partículas, gases, vapores ou mesturas destes.

A protección conséguese mediante dous sistemas:

- Filtración física ou química do aire inhalado.
- Illamento das vías respiratorias do aire ambiente e achega de aire limpo.

Segundo o sistema de filtración do aire, teremos:

- Máscara autofiltrante: o seu uso adoita limitarse a ambientes de contaminación limitados.
- Máscara de filtros intercambiáveis: ten dous tipos de filtros:
  - Filtros mecánicos: contra po, fumes e néboas.
  - Filtros químicos: son diferentes segundo o contaminante que deben reter: (vapores orgánicos, monóxido de carbono, cloro, amoníaco, gases ácidos, etc).

Os equipos de protección baseados no illamento das vías respiratorias e a achega de aire limpo son basicamente:

- Equipos autónomos: o oxíxeno procede dunha botella a presión que transporta o usuario/a e o aire exhalado sae directamente ao exterior.
- Equipos de autorrescate: levan un filtro químico que retén o dióxido de carbono exhalado e xera oxíxeno.

Este tipo de protección pódese clasificar, polo tanto, do seguinte modo:

- Equipos dependentes do medio (equipos filtrantes): purifican o aire ambiente mediante retención mecánica, física ou química, ou mixta, é dicir, o aire pasa a través dun filtro que retén as impurezas antes de ser inhalado. Poden ser:
  - Adaptadores faciais: crean un espazo hermeticamente pechado ao redor das vías respiratorias: máscara, mascariña, boquilla...
  - Filtros: purifican o aire que pasa a través deles. Existen diversas clases: mecánicos (só reteñen partículas), químicos (reteñen vapores e gases) ou mixtos (combinación de ambos).
- Equipos independentes (equipos respiratorios): o aire que aspira o usuario/a non é o do ambiente de traballo, é dicir, o usuario/a respira independentemente da atmosfera ambiente.
  - Semiautónomos.
  - Autónomos.



| Protectores | Normas UNE   | Actividades para o uso de protectores  |
|-------------|--|--|
|             | <p><b>UNE-EN 140:</b> Equipos de protección respiratoria. Medias máscaras e cuartos de máscara. Requisitos, ensaios, marcación.</p> <p><b>UNE-EN 143:</b> Equipos de protección respiratoria. Filtros contra partículas. Requisitos, ensaios, marcación.</p> <p><b>UNE-EN 144:</b> Equipos de protección respiratoria. Válvulas para botellas de gas.</p> <p><b>UNE-EN 137:</b> Equipos de protección respiratoria. Equipos de respiración autónomos de circuito aberto de aire comprimido con máscara completa. Requisitos, ensaios, marcación.</p> <p><b>UNE-EN 138:</b> Equipos de protección respiratoria. Equipos de protección respiratoria con manguera de aire fresco provistos de máscara, mascariña ou conxunto boquilla. Requisitos, ensaios, marcación.</p> <p><b>UNE-EN 12941:</b> Equipos de protección respiratoria. Equipos filtrantes de ventilación asistida incorporados a un casco ou capuz. Requisitos, ensaios, marcación.</p> <p><b>UNE-EN 12942:</b> Equipos de protección respiratoria. Equipos filtrantes de ventilación asistida provistos de máscaras ou mascariñas. Requisitos, ensaios, marcación.</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballos nos que exista un risco de intoxicación por gas ou de insuficiencia de oxíxeno.</li> <li>• Traballos na boca de altos fornos.</li> <li>• Revestimento de fornos.</li> <li>• Pintura con pistola sen ventilación suficiente.</li> <li>• Traballos en pozos, canles e obras subterráneas da rede de rede de sumidoiros.</li> <li>• Traballos en instalacións frigoríficas nas que exista un risco de escape de fluído frigorífico.</li> </ul> |

### Protectores da pel (cremas protectoras, pomadas)

Están recomendados en actividades de manipulación con revestimentos ou con produtos ou substancias que poidan afectar á pel ou penetrar a través dela.

### Protectores do tronco e abdome

A protección do tronco e do abdome resulta indispensable cando os traballadores/as deben desenvolver a súa actividade en determinados ambientes que poden resultar nocivos para a súa actividade e tamén porque poden colaborar en casos extremos de auxilio. Poden protexer de:

- Riscos mecánicos.
- Agresións químicas.
- Agresións térmicas.
- Radiacións.



| Protectores   | Normas UNE   | Actividades para o uso de protectores   |
|---|--|---|
| Chalecos salvavidas.  | <b>UNE EN-ISO 12402:</b> Equipos de flotación individuais.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Manipulación ou utilización de produtos ácidos e alcalinos, desinfectantes e deterxentes corrosivos.</li> <li>• Traballos con masas ardentes ou permanencia preto deles e en ambiente quente.</li> <li>• Manipulación de vidro plano.</li> </ul> |
| Chalecos, chaquetas e mandís de protección contra as agresións mecánicas. | <b>UNE-EN 471:</b> Roupa de sinalización de alta visibilidade para uso profesional. Métodos de ensaio e requisitos.  |   |
| Chalecos contra as agresións químicas.                                    | <b>UNE-EN ISO 17491:</b> Roupa de protección. Métodos de ensaio para a roupa de protección contra produtos químicos. |   |
|   |  |   |

| Protectores                             | Normas UNE  | Actividades para o uso de protectores  |
|---|---|--|
| Chalecos termóxicos.                    | cos.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballos de chorreado con area.</li> <li>• Traballos en cámaras frigoríficas.</li> <li>• Roupa de protección antiinflamable: traballos de soldadura en locais exigüos.</li> <li>• Mandís antiperforantes: traballos de desosado e partido.</li> <li>• Manipulación de coitelos de man, cando o coitelo deba orientarse cara ao corpo.</li> <li>• Mandís de coiro e outros materiais resistentes a partículas e faíscas incandescentes: traballos de soldadura, traballos de forxa, traballos de fundición e moldeado.</li> <li>• Manguitos e mangos protectores do antebrazo e do brazo: traballos de desosado e partido.</li> </ul> |
| Mandís de protección contra os raios X. | <p>cos.</p> <p><b>UNE-EN 367:</b> Roupas de protección. Protección contra a calor e o lume. Determinación da transmisión da calor durante a exposición dunha chama.</p>   |  |
| Cintos de suxeición do tronco.          | <p><b>UNE-EN 863:</b> Roupas de protección. Propiedades mecánicas. Método de ensaio: resistencia á perforación.</p>   |  |
| Faixas e cintos antivibracións.         | <p><b>UNE-EN 1073:</b> Roupas de protección contra a contaminación radioactiva.</p> <p><b>UNE-EN 13034:</b> Roupa de protección contra produtos químicos líquidos. Requisitos de prestacións para a roupa de protección química que ofrece protección limitada contra produtos químicos líquidos (equipos do tipo 6 e PB [6]).</p> <p><b>UNE-EN 14058:</b> Roupa de protección. Roupa para protección contra ambientes fríos.</p> |  |

## Proteccións contra caídas de altura

Os **traballos con risco de caída** de altura sempre se levarán a cabo facendo uso de equipos de protección anticaída (arneses e dispositivos de amarre). Non se deberá iniciar o traballo sen este requisito.



Estes equipos teñen como finalidade suxeitar o traballador/a a un punto de ancoraxe para evitar calquera caída de altura ou para detela en condicións de seguridade. Clasifícanse en:

- **Sistemas de suxeición:** suxeitan o traballador/a mentres realiza o traballo en altura (cinto de suxeición) co fin de impedirle caer en caída libre. Non se deben utilizar para a parada de caídas e só convén usalos cando se preveu a utilización de medios de ancoraxe e se o traballo se pode realizar con toda a seguridade. Constan de:
  - Cinto de suxeición: pode ter un deseño ergonómico e estar equipado con tirantes e bandas subglúteas axustables.
  - Elemento de amarre de suxeición: poden ser cordas, bandas ou cadeas. Deben estar equipados cun sistema de axuste de lonxitude.
  - Conectores: para reducir a probabilidade dunha apertura involuntaria, e, como garantía de seguridade, os ganchos e os mosquetóns do extremo libre do elemento de amarre de suxeición deben ser de peche e bloqueo automáticos. Só se deben poder abrir procedendo como mínimo a dúas operacións consecutivas efectuadas deliberadamente.
- **Sistemas anticaídas:** o seu uso está indicado para aqueles traballos en que existe posibilidade de caída libre, e teñen como obxectivo frear e deter a caída libre. Para constituír de forma correcta o sistema anticaídas, todos os compoñentes ou equipos integrantes deben estar certificados e ser compatibles entre si. Están formados por:
  - Arnés anticaídas: dispositivo de presión do corpo destinado a parar as caídas. Pode ser equipado adicionalmente con elementos que permitan utilizalo cun sistema de suxeición (arneses mixtos: suxeición e caídas) e estar constituído por bandas, elementos de axuste e de enganche e doutros elementos, dispostos e axustados de forma adecuada sobre o corpo dunha persoa para suxeitala durante unha caída e despois da parada desta.
  - Conectores: permiten unir entre si os diferentes elementos que forman o sistema anticaídas e unir este sistema co punto de ancoraxe estrutural.

Dispoñen de peche automático e de bloqueo manual ou automático.

- Elemento de amarre: compoñente ou elemento de conexión dun sistema anticaídas. Pode estar constituído por unha corda de fibras sintéticas, un cable metálico, unha banda ou unha cadea.
- Punto de ancoraxe.
- Absorbedor de enerxía: equipo que, mediante a súa deformación ou destrución, absorbe unha parte importante da enerxía desenvolvida na caída. Está destinado a amortecer a caída.
- Dispositivo anticaídas: une os absorbedores de enerxía a unha estrutura fixa ou a unha liña de vida. Pode ser escorregante ou retráctil. Debe permitir deter a caída, limitar o percorrido efectuado polo traballador/a durante a caída ou reducir a forza orixinada na caída a valores soportables para o home; é dicir, a súa función é deter a caída dunha persoa mediante o bloqueo dun dispositivo.

Para utilizar este tipo de EPI, a persoa traballadora debe ser instruída no seu correcto uso e conservación.

| Protectores   | Normas UNE   | Actividades para o uso de protectores   |
|---|--|---|
| <p>Equipos de protección contra caídas de altura.</p> <p>Dispositivos anticaídas.</p> <p>Escorregantes ou con amortecedor.</p> <p>Arneses.</p> <p>Cintos de sujeción.</p> | <p><b>UNE-EN 353-1:</b> Equipos de protección individual contra caídas de altura. Parte 1: Dispositivos anticaídas escorregantes sobre liña de ancoraxe ríxida.</p> <p><b>UNE-EN 353-2:</b> Equipos de protección individual contra caídas de altura. Parte 2: Dispositivos anticaídas escorregantes sobre liña de ancoraxe flexible.</p> <p><b>UNE-EN 363:</b> Equipos de protección individual contra caídas. Sistemas de protección individual contra caídas.</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballos en obra grosa e estradas.</li> <li>• Obras de demolición, construción de formigón.</li> <li>• Actividades en obras de construción e teitado.</li> <li>• Traballos de pontes metálicas e edificios de grande altura.</li> <li>• Traballos de transformación e almacenamento.</li> <li>• Obras de construción naval.</li> <li>• Manobras de trens.</li> <li>• Actividades sobre ou con masas ardentes ou moi frías.</li> </ul> |

|  |   |  |
|--|---|--|
|  | <p><b>UNE-EN 360:</b> Equipos de protección individual contra caídas de altura. Dispositivos anticaídas retráctiles.</p> <p><b>UNE-EN 361:</b> Equipos de protección individual contra caídas de altura. Arnese anticaídas.</p> <p><b>UNE-EN 358:</b> Equipo de protección individual para suxeición en posición de traballo e prevención de caídas de altura. Cintos para suxeición e retención e compoñente de amarre de suxeición.</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballos en postes e torres.</li> <li>• Traballos en cabinas de guindastres situadas en altura.</li> <li>• Traballos en cabinas de condutor de estibadores con pinza elevadora.</li> <li>• Traballos en lugares de torres de perforación situados en altura.</li> <li>• Traballos en pozos e canalizacións.</li> </ul> |
|--|---|--|

## Roupa de protección

É a que substitúe ou cobre a roupa persoal e que está deseñada para proporcionar protección contra un ou máis riscos específicos, que poden ser de:

- Orixe térmica: calor, frío.
- Orixe química: ácidos, alcalinos, desinfectantes e deterxentes corrosivos.
- Orixe mecánica: proxeccións, picaduras.
- Orixe radioactiva: radiacións.
- Orixe biolóxica.

Nesta categoría inclúense as pezas de roupa de sinalización (cintos, brazais, luvas, chalecos, etc.) que serán utilizadas en lugares de pouca iluminación ou traballos nocturnos, onde existan riscos de colisión, atropelo, etc. Estas pezas garanten unha inmediata localización do traballador/a, pois son pezas de roupa e accesorios reflectores de alta visibilidade destinados a ser percibidos visualmente sen ambigüidade en calquera circunstancia.

As súas características recóllense na norma UNE-EN 471.



6

## Esixencias esenciais dun EPI



## 6.- ESIXENCIAS ESENCIAIS DUN EPI

Os requisitos esixibles a un EPI deberán estar condicionados polo tipo de lesión e o tipo de risco que se pretende evitar ou minimizar. No entanto, pódese dicir que, de forma xeral, as esixencias que deben cumprir son:

- As propiedades físicas e químicas dos materiais empregados na súa fabricación débense adecuar á natureza do traballo e ao risco de lesión que se desexe evitar, co fin de proporcionar unha protección eficaz sen supor un risco adicional. Ademais, os materiais empregados non deberán producir efectos nocivos no usuario/a.
- A súa forma deberá ser adecuada ao maior número posible de persoas tendo en conta aspectos ergonómicos e de saúde do usuario/a. Hai que asegurarse de que a incomodidade que poidan provocar sexa a mínima posible de acordo coa súa función protectora e que se deben adaptar ao usuario/a tras os necesarios axustes.
- Deberán ser de fácil manexo, deben permitir realizar o traballo sen que o rendemento se vexa afectado e ser de fácil mantemento e conservación.

O Real decreto 1407/1992 clasifica as esixencias esenciais de sanidade e seguridade que deben cumprir os EPI en:

- **Requisitos de alcance xeral:** son aplicables a todos os EPI.
  - Principios de concepción: ergonomía, graos de protección tan elevados como sexa posible, clases de protección adecuadas a distintos niveis de risco.
  - Inocuidade dos EPI: ausencia de riscos e demais factores de molestia endóxenos, materiais constitutivos adecuados, superficie adecuada nas partes do EPI en contacto co corpo, mínimas trabas para o usuario/a.
  - Factores de comodidade e eficacia: adaptación do EPI á morfoloxía do usuario/a, lixeireza e solidez de fabricación, compatibilidade entre distintos EPI que o usuario/a vaia levar ao mesmo tempo.
  - Folleto informativo do fabricante, de capital importancia para o correcto uso e mantemento do equipo.

- **Esixencias complementarias:** son comúns a varios tipos de EPI (multirrisco, con sistema de axuste, etc.).
- **Esixencias complementarias específicas** dos riscos que vaia previr: protección contra caídas en altura, respiratoria, do frío, da calor, etc.

#### **UN EPI TEN QUE:**

- *Protexer contra o risco.*
- *Non xerar novos riscos.*
- *Non dificultar o traballo.*
- *Adaptarse a cada persoa.*
- *Ser cómodo.*
- *Poder quitarse e pórse facilmente.*
- *Levar a marcación CE, que é a que demostra o cumprimento das esixencias esenciais de sanidade e seguridade da lexislación vixente, e folleto informativo.*



7

## Obrigas sobre equipos de protección individual



## 7.- OBRIGAS SOBRE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

As obrigas en materia de equipos de protección individual varían en función de se se é fabricante ou subministrador, empresa ou traballador/a.

### OBRIGAS PARA O SUBMINISTRADOR

- Efectuar o trámite de certificación e marcación CE.
- Controlar os produtos fabricados ou a súa fabricación.
- Coñecer os riscos que poden afrontar os seus EPI, así como os posibles riscos derivados da súa utilización.
- Proporcionar a información de uso e mantemento no idioma do país en que se comercializa (folleto informativo).

### OBRIGAS DO EMPRESARIO/A

As actuacións que debe seguir o empresario/a para dar cumprimento á lexislación vixente son:

- Determinar cando se deben facilitar os EPI como medida de protección fronte a un risco: a avaliación de riscos do posto de traballo é sempre o punto de partida para determinar a necesidade ou non de proporcionar un equipo de protección individual. Ademais, débense valorar as posibles situacións de emerxencia.
- Hai que recordar que, antes de decidir a utilización dun equipo de protección individual, o empresario/a debe verificar se ese risco pode ser eliminado ou controlado suficientemente mediante outras actuacións de tipo técnico ou organizativo.
- Definir as prestacións que deben satisfacer os EPI que se vaian utilizar en cada un dos postos analizados: unha vez decidido o uso de protección individual nun posto determinado, débese proceder a determinar **as características** que deben reunir para que **protexan do risco detectado** apoiados na información obtida na avaliación de riscos do posto de traballo e tendo en conta que cumpran cos requisitos establecidos no

Real decreto 1407/1992; é dicir, que:

- Os materiais de que están compostos os EPI non teñan efectos nocivos na saúde ou hixiene do usuario/a.
- Calquera parte do EPI en contacto co usuario/a non cause lesións.
- Non dificulten o traballo.
- Se adapten á anatomía do traballador/a.
- Sexa compatible con outros EPI no caso de teña que ser utilizado á vez que estes.

Unha boa xestión e uso dos EPI é fundamental para que cumpran a súa función correctamente, posto que unha protección pode perder toda ou parte da súa eficacia e ata xerar outros riscos se non cumpre os requisitos de fabricación necesarios, se se utiliza incorrectamente ou non se adapta aos usuarios/as.

- Solicitarlles aos subministradores información acerca das prestacións definidas no punto anterior.
- Consultar cos traballadores ou cos seus representantes sobre os equipos que poden resultar máis recomendables para a súa aceptación, de entre os existentes no mercado, que cumpran coas especificacións técnicas. Isto é algo necesario para que a implantación efectiva dos EPI se leve a cabo con éxito.

***A Lei de prevención de riscos laborais establece a obrigatoriedade de consulta aos traballadores/as previamente á adopción de calquera decisión que afecte á súa seguridade e saúde. Esa consulta realizarase a través dos delegados de prevención, cando existan.***

Unha posible vía de participación é desenvolver a toma de decisións e o control das actuacións relativas á xestión dos EPI mediante grupos de traballo nos que interveñan:

- Delegados de prevención (ou representantes do persoal).
- Persoal de produción/departamentos técnicos.
- Servizo de prevención/traballadores designados.
- Adquirir os equipos seleccionados controlando que veñan acompañados das especificacións técnicas exixidas e que cumpran cos requisitos establecidos no Real decreto 1407/1992.

- MARCACIÓN CE.
- FOLLETO INFORMATIVO DO FABRICANTE.



## PROCESO PARA MERCAR UN EPI

- Proporcionarlles gratuitamente os equipos de protección aos traballadores que os necesiten, repóndoos cando sexa necesario e asegurar un correcto uso e mantemento de acordo coas instrucións do fabricante. A obriga de entrega gratuíta por parte do empresario/a dos EPI atópase xustificada no artigo 17 da Lei de prevención de riscos laborais: “O empresario/a deberalles proporcionar aos seus traballadores/as equipos de protección individual adecuados para o desempeño das súas funcións e velar polo uso efectivo destes cando, pola natureza dos traballos realizados, sexan necesarios.

Para realizar unha correcta implantación do uso de EPI no posto de traballo requírese:

### 1º. **Verificar** no posto de traballo:

- A súa eficacia fronte aos riscos.
- O seu correcto funcionamento.
- A adecuación ao traballador/a.
- No caso de uso de varios EPI, a eficacia conxunta.

### 2º. **Organizar** as actividades referentes a:

- Almacenamento.
- Mantemento e reparación.
- Limpeza.
- Reposición.

- Determinar o tempo de uso do equipo en función do risco: as condicións en que un equipo de protección deba ser utilizado, en particular no que se refire ao tempo durante o cal se deba levar, determinaranse tendo en conta:
  - A gravidade do risco.
  - O tempo e frecuencia de exposición ao risco.
  - As condicións do posto do traballo.
  - As prestacións do propio equipo.
  - Os riscos adicionais derivados da propia utilización do equipo que non se puideron evitar.
- Informar os usuarios/as dos riscos para os que se recomentan os equipos, elaborar unha normativa de uso e mantemento e facilitar a formación necesaria para a súa correcta utilización, especialmente cando se precise unha utilización simultánea de varios equipos.

***A empresa debe intentar facerlles ver aos traballadores/as que precisen a utilización do EPI a necesidade dun emprego correcto como condición indispensable para protexer a súa saúde antes de recorrer á súa autoridade.***

- Pór o manual de instrucións ou a documentación informativa facilitados polo fabricante á disposición dos traballadores/as.
- Levar un rexistro documental dos EPI facilitados aos traballadores/as; para levar un control sobre o mantemento e reposicións que cómpre efectuar, é conveniente manter un arquivo destes equipos no que se recollan datos como: número de serie, datos do distribuidor, data de adquisición, operacións de mantemento, vida útil ou data de reposición.

A continuación achégase un modelo para o control dos EPI, o cal se debería arquivar xunto cunha copia das instrucións de uso dadas polo fabricante.

| MODELO DE CONTROL                                   |                                 |                        |          |
|---|---------------------------------|------------------------|----------|
| DATOS COMERCIAIS DO EQUIPO DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL |                                 |                        |          |
| Modelo  |                                 |                        |          |
| Marca   |                                 |                        |          |
| Distribuidor  | Nome:<br>Enderezo:<br>Teléfono: |                        |          |
| N.º de serie  |                                 | Ano de fabricación     |          |
| UTILIZACIÓN DO EQUIPO DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL      |                                 |                        |          |
| Usuario/a   |                                 |                        |          |
| Data de adquisición:                                |                                 | Data posta en servizo: |          |
| Condições de uso                                    |                                 |                        |          |
| Vida útil/Data de caducidade                        |                                 |                        |          |
| MANTEMENTO/REVISIÓNS                                |                                 |                        |          |
| Operación   |                                 |                        |          |
| Prazo   | Responsable                     | Data realización       | Sinatura |
|   |                                 |                        |          |
| Operación   |                                 |                        |          |
| Prazo   | Responsable                     | Data realización       | Sinatura |
|   |                                 |                        |          |

É recomendable que, ademais, a empresa estableza un sistema de revisións periódicas co fin de verificar:

- A efectiva utilización dos EPI por parte dos traballadores/as.
- A súa eficacia protectora fronte aos riscos existentes.

Os resultados que acheguen estes controis, así como a existencia de posibles accidentes ou incidentes nos postos implicados, indicarán a necesidade de incidir ou reconsiderar algunha das actuacións adoptadas, como poden ser:

- A propia selección dos EPI.
- A organización das operacións de mantemento, almacenamento ou limpeza.
- A información e formación proporcionadas ao traballador/a.

## **OBRIGAS PARA O TRABALLADOR/A**

O traballador/a debe:

- Utilizar o EPI segundo as instrucións facilitadas polo seu fabricante e as normas fixadas pola empresa.
- Realizar un mantemento adecuado do EPI segundo as instrucións do fabricante: para garantir un correcto funcionamento dos EPI é necesario mantelos sempre revisados, limpos, reparados ou renovados, se é o caso, seguindo as normas que sobre o particular facilitan os seus fabricantes.
- Colocar o EPI, despois do seu uso, no lugar destinado para iso.
- Informar de inmediato de calquera anomalía ou dano apreciado no EPI, que poida alterar a súa eficacia protectora.
- Asinar o xustificante de recepción de entrega dos EPI.

***O empresario debe ter xustificantes de recepción dos EPI entregados a cada traballador/a da empresa.***

A continuación achégase un modelo de xustificante de recepción de EPI.

| <b>MODELO</b>   |           |       |              |
|---|-----------|-------|--------------|
| <b>XUSTIFICANTE DE RECEPCIÓN DE ENTREGA DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL</b>   |           |       |              |
| Empresa: _____  |           |       |              |
| Traballador/a: _____  |           |       |              |
| Posto de traballo: _____ DNI: _____   |           |       |              |
| Ao traballador/a arriba indicado fáiselle entrega dos seguintes equipos de protección:  |           |       |              |
| EPI   | Cantidade | Talle | Observacións |
|   |           |       |              |
|   |           |       |              |
|   |           |       |              |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• O traballador/a recoñece que foi instruído e informado sobre os riscos como consecuencia da non utilización ou uso inadecuado dos equipos de protección individual.</li> <li>• Acepta o compromiso que se lle solicita de utilizar os mencionados equipos durante a xornada laboral, consultar calquera dúbida sobre a súa correcta utilización, tendo coidado na súa conservación e mantemento, e a solicitar un novo equipo en caso de perda ou deterioración deste.</li> <li>• Infórmase de que o traballador/a queda obrigado a utilizar todos os medios de protección postos á súa disposición pola empresa segundo as instrucións recibidas, podendo a empresa sancionalo ou rescindirle o seu contrato no caso de incumprimento do estipulado neste documento e que supoña un risco grave para a saúde do traballador/a ou o resto de traballadores/as da empresa.</li> </ul> |           |       |              |
| _____ de _____ de 2xxx<br>Recibín:<br>Asdo.: _____  |           |       |              |

### **Normas de utilización dos EPI:**

- Antes de utilizar un EPI, asegúrese de que é o adecuado para protexelo fronte ao risco. Non todo vale para todo.
- Coloque e axuste correctamente o EPI seguindo as instrucións do fabricante. Teña en conta o folleto informativo, a formación e a información que recibiu respecto ao seu uso.
- Comprobe o contorno no que o vai utilizar.
- Mire as limitacións que presenta e non as supere, pois, do contrario, o EPI non ten eficacia. Sería o mesmo que non levar protección.
- Léveo posto mentres está exposto ao risco.



8

## Derechos sobre equipos de protección individual



## 8.- DEREITOS SOBRE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

**O**s traballadores/as teñen unha serie de dereitos con respecto aos equipos de protección individual:

- Recibir unha adecuada información e formación sobre o seu uso e características, así como sobre os riscos aos que está destinado. O traballador/a debe recibir información adecuada e comprensible, preferentemente por escrito, sobre os seguintes aspectos:
  - Os riscos aos que se vai aplicar cada EPI subministrado.
  - A obriga da súa utilización segundo as instrucións recibidas.
  - A obriga de informar sobre calquera anomalía detectada no equipo que poida supor perda da súa eficacia.
  - Como se efectúa o seu almacenamento, mantemento e limpeza.
  - Cando e como se debe utilizar.
  - Consecuencias que poden derivar da non utilización ou emprego incorrecto.
- Ser consultados polo empresario/a sobre a elección do equipo.

**O USO DE PROTECCIÓN NON HOMOLOGADAS OU CADUCADAS EQUIVALE A NON USAR NINGUNHA**






# Programa de protección persoal



## 9.- PROGRAMA DE PROTECCIÓN PERSOAL

Os equipos de protección individual só se poden utilizar para os usos previstos. Polo tanto, o emprego dun equipo de protección individual débese apoiar nun programa de protección persoal que garanta o funcionamento da protección nas condicións de uso previstas e un coñecemento absoluto por parte dos traballadores/as que deben levalo no desempeño das súas actividades.



Os factores que dificultan que a utilización dunha protección persoal sexa eficaz teñen que ver máis coa modificación do comportamento humano para reducir o risco que coa propia incorporación da protección.

Este programa, independentemente do tipo de EPI utilizado, debe incluír unha avaliación completa dos riscos, a selección e adecuación correctas do

equipo, a formación e a educación das persoas que deban utilizalos, as operacións de mantemento e reparación necesarias co fin de mantelos en bo estado e o compromiso conxunto da empresa e traballadores/as co bo resultado do programa de protección.

### Avaliación do risco

A avaliación dos riscos axudará a establecer a necesidade de utilización dos EPI (a necesidade de utilizar ou non un EPI), o tipo de EPI necesario e as características que estes deben ter para garantir a adecuada protección fronte aos riscos.

**LEMBRE...** *Os EPI débense entender como unha medida complementaria e, na medida do posible, temporal ata que se solucione o problema que xera ese risco, non definitiva.*


Para que un EPI se converta nunha medida de loita eficaz fronte a un risco profesional, cómpre coñecer perfectamente o risco ao que se está exposto. Proporcionar **EPI inadecuados** pode provocar a resistencia ou a negativa de utilización por parte do traballador/a, xerar unha redución no **rendemento laboral** e aumentar o **risco de lesión**. Para conseguir un equilibrio adecuado entre risco e medida de protección, é necesario coñecer a composición e magnitude (concentración) dos riscos, o tempo durante o cal o EPI debe proporcionar un nivel determinado de protección e a natureza da actividade física que se pode realizar mentres se usa o equipo.

**LEMBRE...** *A finalidade dos EPI non é reducir o risco e a exposición do traballador a cero.*

### Selección

Para seleccionar un EPI hai que ter en conta a información obtida da avaliación do risco, os datos sobre o rendemento da medida de protección que se prevé utilizar (son facilitados polos fabricantes dos equipos) e o grao de exposición que seguirá habendo unha vez aplicada a medida de protección persoal. Coñecendo a natureza e magnitude do risco, o grao de protección proporcionado e o nivel admisible de exposición e risco mentres se usa o equipo, pódense seleccionar equipos adecuados para protexer os traballadores/as.

## PROCESO QUE CÓMPRE SEGUIR PARA SELECCIONAR UN EPI:



1º. Unha vez que se tomou a decisión de utilizar un equipo de protección individual nun posto concreto, procederase a determinar as características que deben reunir para que protexan adecuadamente fronte aos riscos detectados e, para iso, é preciso:

- Identificar exactamente o perigo existente, o elemento que o causa deste e a forma en que se transmite.
- Determinar as partes do corpo que é necesario protexer.

Para previr que o propio EPI poida xerar novos perigos ou molestias, cómpre considerar:

- O tempo de exposición, é dicir, o tempo durante o cal será necesaria a utilización do EPI.

– As condicións do lugar no que se desenvolve o traballo: temperatura, humidade, etc., que poden aconsellar que o EPI reúna unha serie de características adicionais.

2º. Unha vez determinados os EPI que cumpren cos requisitos técnicos necesarios, deberase optar polos que mellor se adapten ás características persoais do traballador/a, e para iso é necesario que o usuario/a participe na elección. Particularmente terase en conta:

- Que non ocasione reducións importantes nas facultades do traballador/a.
- Que se adapte á súa anatomía.
- Posibles problemas derivados do estado de saúde do usuario/a.

A determinación das características dos equipos de protección individual débese revisar sempre que se produza algunha variación en calquera das circunstancias e condicións que motivaron a súa elección.

### **Axuste**

Os EPI son de uso individual e a súa distribución debe ser personalizada, xa que se deben axustar ás características de cada individuo para que proporcionen o grao de protección adecuado ás persoas que o utilizan. É pouco probable que se utilicen do xeito previsto se están mal axustados ou son incómodos e mesmo poden constituír un perigo. Os fabricantes de EPI ofrecen unha gama variada de talles e deseños. É conveniente probar os EPI no lugar de traballo antes de compralos.

O principio do axuste adecuado aplícase a todos os EPI, con independencia de que o exixa ou non unha norma determinada.

### **Formación e educación**

Como as características dos EPI obrigan a modificar o comportamento humano para illar o traballador/a do medio ambiente de traballo (en lugar de illar a fonte do risco do medio ambiente), é pouco probable que os programas de protección persoal dean bos resultados se non abarcan a educación e formación necesarias ao traballador/a. A protección persoal, ao contrario doutras medidas como poden ser as que se aplican en orixe que poden funcionar eficazmente sen intervención directa do traballador/a, exige a participación e o compromiso totais dos que a utilizan e dos directivos que a proporcionan. Os e as responsables da xestión e do funcionamento do programa de protección persoal deben estar formados na selección do equipo adecuado, na verificación do seu correcto axuste a quen o utilize, na natureza dos perigos fronte aos cales o equipo debe ofrecer protección e

nas consecuencias do mal funcionamento ou do fallo do equipo, así como identificar os danos e desgastes que se produzan durante o seu uso. Por outra banda, as persoas que utilizan os EPI deben coñecer a necesidade de protección, os motivos polos cales se utilizan en lugar (ou ademais) doutros métodos de control e as vantaxes que derivan do seu emprego.

Deben ser informados, con claridade, das consecuencias da exposición sen protección e da forma en como poden detectar se o equipo non funciona correctamente.

E deben ser formados sobre métodos de inspección, axuste, uso, mantemento e limpeza do equipo protector e sobre as limitacións do dito EPI, sobre todo en situacións de urxencia.

### **Mantemento e reparación**

Para deseñar calquera programa de protección persoal, é imprescindible avaliar de forma completa e realista os custos de mantemento e reparación do equipo.

Os EPI están suxeitos a unha degradación paulatina do seu rendemento no uso normal e a fallos completos en condicións extremas, como as urxencias, polo que os custos de iniciar un programa de protección persoal só representan unha parte dos gastos totais que vai supor manter o devandito programa ao longo do tempo. Así, as actividades de mantemento, reparación e substitución do equipo débense considerar custos fixos de execución do programa, pois son esenciais para conservar a eficacia da protección. Estas cuestións teranse en conta á hora de tomar certas decisións básicas, como por exemplo se se deben empregar EPI dun só uso (de usar e tirar) ou reutilizables. No caso de certos equipos de protección, estas decisións poden ser moi obvias, pero en moitas outras ocasións é preciso avaliar minuciosamente se resulta eficaz reutilizar equipos de protección contaminados polo uso anterior. A decisión de tirar ou reutilizar un dispositivo protector caro débese adoptar despois de estimar con detemento o risco de exposición que implicaría para un traballador/a a degradación da protección ou a contaminación do propio dispositivo.





10

# Condiciones de comercialización dos EPI



## 10.- CONDICIÓN DE COMERCIALIZACIÓN DOS EPI

O Real decreto 1407/1992 ten por obxecto garantir a libre circulación dos EPI en todos os países da Unión Europea.

Para garantir a libre circulación, os EPI teñen que cumprir os requisitos ou esixencias esenciais de seguridade e, se isto é así, dise que está certificado, polo que leva a marcación CE visible.

O procedemento de certificación varía segundo o tipo de EPI.

O fabricante ten a responsabilidade de clasificar o equipo nalguna das categorías seguintes:

- Categoría I
- Categoría II
- Categoría III

**EPI de categoría I:** antes da comercialización, o fabricante debe preparar a documentación técnica onde se mostre que o EPI cumpre cos requisitos esenciais de seguridade. Esta información debe estar dispoñible por se nalgún momento fose requirida. Coa documentación preparada, o fabricante realiza a declaración de conformidade e estampa o marcación CE no seu produto. En definitiva, é un proceso de autocertificación, xa que o fabricante pode certificar directamente o cumprimento das esixencias esenciais de seguridade e saúde.

**EPI de categoría II:** o fabricante debe preparar a documentación técnica e superar un exame CE de tipo que é realizado por un organismo independente notificado pola Comisión Europea. Este exame inclúe a comprobación da documentación técnica e uns ensaios realizados segundo normas harmonizadas europeas (ou as que presentase o fabricante). Unha vez superado este exame, o fabricante prepara a declaración de conformidade e estampa a marcación CE no seu produto.


**EPI de categoría III:** adicionalmente á documentación técnica e á superación do exame CE de tipo, o fabricante debe garantir a calidade de produción, someterse a un control de fabricación a través dun sistema de garantía de calidade CE da produción, que pode facerse mediante dous procedementos:

- Sistema de garantía de calidade CE do produto final: o fabricante debe someterse a un sistema de control por parte dun organismo de control notificado.

- Sistema de garantía de calidade “CE” da produción con vixilancia: o fabricante debe someterse á aprobación do seu sistema de calidade ante un organismo de control da súa elección. A partir da acreditación do sistema de calidade, ese sistema estará sometido a auditorías periódicas.

Unha vez superado o sistema de garantía, o fabricante elabora a declaración de conformidade e estampa a marcación CE no equipo.

En definitiva, a marcación CE e a declaración de conformidade son unha garantía de que o produto cumpre con todas as disposicións de seguridade recollidas no Real decreto 1407/1992, en termos de deseño e produción.



Unha vez asegurado o cumprimento das esixencias esenciais de saúde e seguridade, o fabricante está en condicións de pór o seu produto no mercado. Para iso, procederá nos seguintes termos:

- Estampará no seu produto unha marca que signifique que o seu produto é conforme coas esixencias esenciais de saúde e seguridade. Esta marcación componse dos seguintes elementos:
  - As siglas “CE” para os equipos das categorías I e II.
  - As siglas “CE” seguidas dun número de catro díxitos para os equipos de categoría III. O número de catro díxitos é un código identificativo, no ámbito da Unión Europea, do organismo que leva a cabo o control do procedemento de aseguramento da calidade da produción seleccionado polo fabricante.
- Elaborará unha declaración na que certifique que o EPI comercializado cumpre o disposto no real decreto co fin de podela presentar á Administración competente.
- Fornecerá, conxuntamente co equipo, un folleto informativo no que se referenciarán e explicarán claramente os niveis de protección ofrecidos polo equipo, o mantemento e, se é o caso, as substitucións necesarias, etc. Este documento será de grande importancia de cara a seleccionar o equipo e desenvolver todas as tarefas de mantemento durante a súa vida útil deste. Literalmente, o Real decreto 1407/1992 establece que este folleto

será entregado obrigatoriamente polo fabricante cos EPI comercializados. Isto supón que, se os equipos se adquiriron nun lote para o que obrigatoriamente debe vir polo menos un folleto, é responsabilidade do empresario fotocopiar este folleto e entregalo co elemento de protección que se lles facilite aos traballadores/as.

### Documentación técnica

O fabricante ou o seu mandatario establecido na CE elaborará unha documentación técnica co fin de sometela, se así fose necesario, á administración competente. A documentación técnica constará do seguinte:

- Expediente técnico de fabricación.
- Descrición dos medios de control e probas realizadas no lugar de fabricación.
- Exemplar do folleto informativo do EPI.

### Declaración de conformidade CE

A declaración de conformidade “CE” é o procedemento mediante o cal o fabricante ou o seu representante establecido na Unión Europea:

- Elabora unha declaración conforme o modelo que figura no anexo VI do RD 1407/92 “Control dos EPI fabricados”, na que certifica que o EPI comercializado cumpre o disposto no citado real decreto, co fin de lla poder presentar ao órgano competente da comunidade autónoma.
- Estampará en cada EPI a marcación de conformidade “CE” que garante que o

| <b>Modelo de declaración de conformidade</b>  |  |
|---|--|
| O fabricante ou o seu mandatario establecido na comunidade (1) ..... declara que o EPI novo que se describe a continuación (2) .....  |  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• é conforme coas disposicións do Real decreto 1407/1992 e, no seu caso, coa norma nacional que efectúa a transposición da norma harmonizada n ..... (para os EPI recollidos no punto 1 do artigo 7),</li> <li>• é idéntico ao EPI obxecto do certificado CE de tipo n ..... expedido por (3).....</li> <li>• e someteuse ao procedemento establecido nos puntos A ou B (4) do artigo 9 do Real decreto 1407/1992 baixo o control do organismo de control (3) .....</li> </ul> |  |
| Feito en ..... o .....  |  |
| Sinatura (5)  |  |
| (1) Razón social, enderezo completo; se se trata do mandatario, indíquese tamén a razón social e os datos do fabricante.  |  |
| (2) Descrición do EPI (marca, tipo, número de serie, etc.).   |  |
| (3) Nome e enderezo do organismo de control.  |  |
| (4) Rísquese o que non proceda.   |  |
| (5) Nome e enderezo do signatario apoderado para comprometer ao fabricante ou ao seu mandatario.  |  |

EPI cumpre cos requisitos mínimos que garanten a seguridade e saúde daquelas persoas que os empregan ou que se atopan ao redor. Os requisitos que debe reunir a marcación CE son:

- Colocarase e permanecerá colocado en cada un dos EPI de xeito visible, lexible e indeleble durante o período de duración previsible ou a vida útil; non obstante, se iso non fose posible, debido ás características do produto, colocarase na embalaxe.
- Queda prohibido colocar nos EPI marcacións que poidan inducir a erro ou confusión a terceiros en relación co significado ou logotipo da marcación CE. Poderase colocar calquera outra marcación no EPI ou na embalaxe cando non reduza a visibilidade nin a lexibilidade da marcación.
- Estará composto das iniciais CE deseñadas segundo a figura que se inclúe no Real decreto 159/1995.
- En caso de reducirse ou aumentarse o tamaño da marcación CE, deberanse conservar as proporcións do logotipo.
- Os diferentes elementos da marcación CE deberán ter unha dimensión vertical apreciablemente igual, que non será inferior a 5 milímetros. Admitiranse excepcións no caso dos EPI de pequeno tamaño.
- Á marcación CE poderase engadir tamén a categoría do EPI.  
 Á parte da obrigatoria marcación “CE” conforme co disposto nos reais decretos



1407/1992 e 159/1995, a roupa pode ir marcada cos seguintes elementos, segundo o exixido na norma UNE-EN 340 ou en normas específicas:










- Nome, marca rexistrada ou outro medio de identificación do fabricante ou representante autorizado.
- Denominación do tipo de produto, nome comercial ou código.
- Talle.
- Número da norma EN específica.
- Pictogramas e, se é de aplicación, niveis de prestación.

- Etiqueta de coidado.

Cada peza de roupa de protección estará marcada, e a dita marcación realizarase ou ben sobre o propio produto ou en etiquetas adheridas a este e terá unha duración adecuada ao número de procesos de limpeza apropiados. En caso de non ser posible proceder así (por diminución da eficacia protectora da peza, por exemplo), a marcación porase na unidade de embalaxe comercial máis pequena.

A continuación indícanse diferentes pictogramas existentes para diferentes tipos de riscos. No caso de que aparezan números acompañando o pictograma, eses números (dispostos sempre na mesma orde) indican os niveis de prestacións obtidos nos ensaios correspondentes.

### Folleto informativo

|                                 |   |                                    |   |
|---------------------------------|---|------------------------------------|---|
| Antiapapamento<br>Pezas móbiles |    | Contra a contaminación radioactiva |    |
| Contra o frío                   |    | Contra o mal tempo                 |    |
| Contra a calor e o lume         |   | Sinalización de alta visibilidade  |   |
| Contra produtos químicos        |  | Contra descargas electroestáticas  |  |
| Contra serras de cadea          |  |                                    |   |

Todos os EPI deben ir obrigatoriamente acompañados dun folleto informativo do fabricante, onde deberá constar:


- Nome e enderezo do fabricante e/ou do seu mandatario na Comunidade Económica Europea.
- Instrucións de almacenamento, uso, limpeza, mantemento, revisión e desinfección. Os produtos de limpeza, mantemento ou desinfección aconsellados polo fabricante non deberán ter, nas súas condicións de utilización, ningún efecto nocivo nin nos EPI nin no usuario. A eficacia fronte ao

risco de todo EPI depende do uso correcto e do adecuado mantemento deste, por iso resulta imprescindible exixir, consultar e seguir puntualmente as recomendacións do fabricante contidas no folleto informativo.



- Rendementos alcanzados nos exames técnicos dirixidos á verificación dos graos ou clases de protección dos EPI.
- Accesorios que se poden utilizar nos EPI e características das pezas de reposto axeitadas.
- Clases de protección adecuadas aos diferentes niveis de risco e límites de uso correspondentes.
- Data ou prazo de caducidade dos EPI ou dalgúns dos seus compoñentes.
- Tipo de embalaxe adecuada para transportar os EPI.
- Explicación das marcas, se as houberse.
- No seu caso, as referencias das disposicións aplicadas polo fabricante.
- Nome, enderezo e número de identificación dos organismos de control notificados que interveñen na fase de deseño dos EPI.

Este folleto informativo estará redactado de forma precisa, comprensible e, polo menos, na lingua ou linguas oficiais do Estado membro destinatario e estar nun lugar accesible para todos os traballadores/as.

### Exame CE de tipo



*Non se debe adquirir ningún EPI que non leve marcación CE e folleto informativo.*

| FOLLA DE CARACTERÍSTICAS  |  |
|---|--|
| <b>LUVAS DE PROTECCIÓN MECÁNICA<br/>E TÉRMICA PARA SOLDADORES</b>   |    |
| <b>Descrición e composición</b>   |  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Luva de 5 dedos</li> <li>• Coiro serraxe crupón curtido ao cromo, de aproximadamente 1,5 mm, extraflexible</li> <li>• Protección en costuras</li> <li>• Totalmente forrado</li> <li>• Manga longa co dorso dunha soa peza</li> </ul> |  |
| <b>Talle</b>  |  |
| Único   |  |
| <b>Mantemento</b>   |  |
| Cando o seu estado o aconselle, a luva pode lavarse industrialmente en seco   |  |
| <b>Nivel de protección segundo normas europeas</b>  |  |
| Mecánica segundo en 388   | Térmica segundo en 407   |
| A - Resistencia á ABRASIÓN XXXX ciclos NIVEL X<br>B - Resistencia ao CORTE Factor xxxx NIVEL X<br>C - Resistencia á ESGAZADURA XXXX Newton NIVEL X<br>D - Resistencia á PENETRACIÓN XXXX Newton NIVEL X   | A - INFLAMABILIDADE NIVEL X<br>B - Calor por CONTACTO xx seg. (xxx°C) NIVEL X<br>C - Calor CONVECTIVA HTI xx seg. NIVEL X<br>D - Calor CONVECTIVA HTI xx seg. NIVEL X<br>E - Salpicaduras de METAL FUNDIDO `xx gotas NIVEL X<br>F - Gran proxección de metal fundido: non adecuado fronte a este risco |
|    |  |
| <b>NON SE DEBE USAR</b>   |  |
| Este tipo de luvas en postos de traballo onde o risco que debe cubrir supere os niveis de prestacións alcanzados segundo en 388e en 407, ou cando se trate de riscos non mecánicos ou térmicos (p. ex. químicos, eléctricos, etc.).   |  |

É o procedemento mediante o cal o organismo de control comproba e certifica que o modelo tipo de EPI cumpre as esixencias esenciais de seguridade requiridas no Real decreto 1407/1992, do 20 de novembro.

O fabricante ou o seu mandatario presentarán a solicitude de exame de tipo a un único organismo de control e para un modelo concreto. O mandatario deberá estar establecido na Comunidade Económica Europea.

A solicitude constará de:

- O nome e enderezo do fabricante ou do seu mandatario e o lugar de fabricación dos EPI.
- A documentación técnica que se indica no anexo III do citado Real decreto 1407/1992.

Xunto con iso presentaranse en número suficiente os exemplares do modelo para o que se solicita o certificado de exame CE de tipo. O organismo de control procederá ao exame CE de tipo, para o cal seguirá unha serie de pasos:

1º. Examinará a documentación técnica achegada polo fabricante:

2º. Examinará o modelo, e:

- Comprobará que foi elaborado segundo a documentación técnica.
- Realizará controis periódicos e probas pertinentes para comprobar se se cumpren as normas harmonizadas ou, se estas non foron aplicadas completamente, comprobará que se cumpren as esixencias esenciais.

Se o modelo responde ás disposicións que lle son aplicables, o organismo de control elaborará un certificado de exame CE de tipo e notificarallo ao solicitante. Neste certificado figurarán as conclusións do exame, indicará as condicións eventuais ás que se supedita e incluírá as descrições e ilustracións necesarias para a identificación do modelo certificado. Este expediente deberá estar á disposición da Administración competente durante os dez anos seguintes á comercialización dos EPI.

### **Sistema de garantía de calidade**

- Sistema de garantía de calidade CE do produto final
  - O fabricante tomará as medidas necesarias para que o procedemento de fabricación, incluída a inspección final dos EPI e as probas garantan a homoxeneidade da produción e a conformidade dos devanditos EPI co tipo descrito no certificado CE de aprobación de tipo e coas esixencias esenciais correspondentes.
  - Os controis necesarios serán realizados por un organismo de control

elixido polo fabricante. Eses controis efectuaranse ao azar e normalmente a intervalos de, polo menos, un ano.

- Examinarase un conxunto adecuado de mostras dos EPI tomadas polo organismo de control e realizaranse probas apropiadas, definidas nas normas harmonizadas ou as necesarias para garantir a conformidade coas esixencias esenciais co fin de comprobar a conformidade dos EPI.
- Cando o organismo que realiza os controis non sexa o que estableceu a certificación de exame “CE” de tipo correspondente, este entrará en contacto con aquel cando xurdan dificultades relacionadas coa avaliación da conformidade das mostras.
- O fabricante recibirá un informe pericial do organismo de control.

Se o informe determina unha falta de homoxeneidade na produción ou a non conformidade dos EPI examinados co tipo descrito no certificado de aprobación “CE” de tipo e coas esixencias esenciais aplicables, o organismo tomará as medidas que correspondan á natureza do ou dos defectos constatados e informará diso á Administración competente en materia de industria do territorio onde se fabricou.

- O fabricante deberá poder presentar, cando lle sexa solicitado, o informe do organismo de control.
- Sistema de garantía de calidade “CE” da produción con vixilancia.

### **O sistema:**

- O fabricante presentará unha solicitude de aprobación do seu sistema de calidade ante un organismo de control da súa elección, que incluírá toda a información relativa á categoría de EPI de que se trate, ata, se é o caso, a documentación relativa ao modelo aprobado, a documentación sobre o sistema de calidade e o compromiso de cumprir as obrigas derivadas do sistema de calidade e de manter a súa adecuación e a súa eficacia.
- Cada EPI será obxecto de exame e efectuaranse o mesmo tipo de probas que no sistema de garantía de calidade CE do produto final co fin de verificar a súa conformidade coas esixencias esenciais aplicables. A documentación sobre o sistema de calidade incluírá en particular unha descrición adecuada dos obxectivos de calidade, do organigrama, das responsabilidades dos mandos de empresa e das súas facultades en materia de calidade dos produtos, dos controis e probas que se deben realizar despois da fabricación e dos medios destinados a

comprobar a eficacia do funcionamento do sistema de calidade.

- O organismo de control avaliará o sistema de calidade para determinar se responde ás disposicións, considerándose conformes con estas disposicións os sistemas de calidade que apliquen a norma harmonizada correspondente. O organismo que realice as auditorías efectuará todas as avaliacións obxectivas necesarias dos elementos do sistema de calidade, e verificará, en particular, se o sistema garante a conformidade dos EPI fabricados co modelo aprobado. A decisión notificaráselle ao fabricante e incluírá as conclusións do control e a conclusión motivada da avaliación.
- O fabricante informará o organismo de control que aprobe o sistema de calidade de calquera proxecto de modificación do sistema de calidade. O organismo examinará as modificacións propostas e decidirá se o sistema de calidade modificado responde ás disposicións correspondentes. A súa decisión seralle notificada ao fabricante incluíndo as conclusións do control e a conclusión motivada da avaliación.

## **A vixilancia**

- Terá por obxecto garantir que o fabricante cumpre correctamente as obrigas derivadas do sistema de calidade aprobado.
- O fabricante autorizará o organismo de control a ter acceso, para efectos de inspección, aos locais de inspección, proba e almacenamento dos EPI e proporcionaralle toda a información necesaria, en particular, a documentación sobre o sistema de calidade, a documentación técnica e os manuais de calidade.
- O organismo de control realizará periodicamente auditorías para asegurarse de que o fabricante mantén e aplica o sistema de calidade aprobado e facilitaralle ao fabricante un informe de auditoría.
- Ademais, o organismo de control poderá realizar visitas sen aviso previo ao fabricante nas cales facilitará un informe da visita e, se é o caso, un informe de auditoría.
- O fabricante deberá poder presentar, cando se lle solicite, un informe do organismo de control.



11

# Conclusiones



## 11.- CONCLUSIÓNS

**O**s problemas para a implantación dos equipos de protección individual nos postos de traballo son de diversa índole, pero fundamentalmente son consecuencia dunha desacertada elección do equipo.

É de suma importancia ao realizar a elección do equipo basearse en documentación xa existente, asegurarse de que se vai adaptar ao traballo que se desenvolve, efectuar unha análise dos riscos e ter en conta as partes do corpo que poden resultar afectadas e que, polo tanto, é preciso protexer.

Ademais, na elección dos equipos é ideal facer participar os traballadores/as, xa que eles poden realizar probas con algúns equipos. Por outra banda, facendo isto, estamos cumprindo as obrigas de información, consulta e participación dos traballadores/as.





12

Anexos



## 12.- ANEXOS

- **Anexo 1:** Equipos de protección para usar en cada posto de trabajo.

| EMPRESA |                                 | PROCEDIMIENTO DE TRABAJO<br>EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL |                |                                   | ANO:<br>DATA: |
|---------|---------------------------------|--|----------------|-----------------------------------|---------------|
| Risco   | Equipo de protección individual | Clase Tipo   | Marca / Modelo | Tarefas nas que se deben utilizar |               |
|         |                                 |  |                |                                   |               |
|         |                                 |  |                |                                   |               |
|         |                                 |  |                |                                   |               |
|         |                                 |  |                |                                   |               |
|         |                                 |  |                |                                   |               |
|         |                                 |  |                |                                   |               |
|         |                                 |  |                |                                   |               |
|         |                                 |  |                |                                   |               |
|         |                                 |  |                |                                   |               |
|         |                                 |  |                |                                   |               |

**Anexo 2:** Xustificante de recepción de entrega dos folletos de uso e mantemento do fabricante.

Achéganse os folletos de uso e mantemento do fabricante.

|          | RECIBIDO, O TRABALLADOR/A |                   |                   |                   |
|----------|---------------------------|-------------------|-------------------|-------------------|
| Nome     | D./D <sup>a</sup>         | D./D <sup>a</sup> | D./D <sup>a</sup> | D./D <sup>a</sup> |
| Sinatura |                           |                   |                   |                   |
| Data     |                           |                   |                   |                   |

**Anexo 3:** Consulta aos traballadores/as sobre selección de EPI.

|                |  |                      |                      |                             |
|----------------|--|----------------------|----------------------|-----------------------------|
| <b>EMPRESA</b> | <b>COMUNICACIÓN INTERNA</b>  |                      |                      | <b>Ano:</b><br><b>Data:</b> |
| <b>De:</b>     |  |                      |                      |                             |
| <b>A:</b>      | Delegados de prevención<br>D. /D <sup>a</sup> .<br>D. /D <sup>a</sup> .  |                      |                      |                             |
| <b>Asunto:</b> | Información sobre selección de equipos de protección individual.   |                      |                      |                             |
|                | De acordo co artigo 18 da Lei de prevención, xuntamos para os seus comentarios o folleto de uso e unha mostra do equipo de protección individual seleccionado para os postos de traballo:<br>-<br>-<br>nas tarefas de<br>-<br>-<br><br>Lembrámoslle que dispoñen de 15 días para formular observacións ao respecto, segundo o artigo 36.3 da Lei de prevención de riscos laborais. |                      |                      |                             |
|                | <b>Recibido</b>  |                      |                      |                             |
| <b>Nome</b>    | D. /D <sup>a</sup> .   | D. /D <sup>a</sup> . | D. /D <sup>a</sup> . | D. /D <sup>a</sup> .        |
| <b>Asina</b>   |  |                      |                      |                             |
| <b>Data</b>    |  |                      |                      |                             |

**Anexo 4:** Ficha de control de uso do EPI por parte do persoal traballador.

|                    |      |  |                   |  |       |       |
|--------------------|------|--|-------------------|--|-------|-------|
| Empresa            |      |  |                   |  |       |       |
| Centro de traballo |      |  |                   |  |       |       |
| Teléfono           |      |  |                   |  |       |       |
| Realiza o control  |      |  |                   |  |       |       |
| Nome e apelidos    |      |  |                   | Cargo  |       |       |
| Data               | Hora | Traballador/a  | Posto de traballo | DESCRIPCIÓN DA INCIDENCIA<br>(indicar cun X segundo proceda) | EPI 1 | EPI 2 |
|                    |      | .....<br><input type="checkbox"/> Propio<br><input type="checkbox"/> Empresa subcontratada (especificar):<br>..... |                   | Falta de uso   |       |       |
|                    |      |  |                   | Uso incorrecto   |       |       |
|                    |      |  |                   | Equipo en mal estado/deteriorado                             |       |       |
|                    |      |  |                   | Perda  |       |       |
|                    |      |  |                   | Outro:   |       |       |
|                    |      | .....<br><input type="checkbox"/> Propio<br><input type="checkbox"/> Empresa subcontratada (especificar):<br>..... |                   | Falta de uso   |       |       |
|                    |      |  |                   | Uso incorrecto   |       |       |
|                    |      |  |                   | Equipo en mal estado/deteriorado                             |       |       |
|                    |      |  |                   | Perda  |       |       |
|                    |      |  |                   | Outro:   |       |       |



13

## Bibliografía



## 13. BIBLIOGRAFÍA

**Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais**, de 8 de novembro. (B.O.E. nº 269, de 10 de novembro)

**Lei 54/2003**, de 12 de decembre, de reforma del marco normativo de la prevención de riscos laborais. (BOE 13/12/2003)

**Real Decreto 39/1997** polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención. (BOE 31/01/1997)

**Real Decreto 773/1997**, de 30 de Maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual. (BOE n.º 140 de 12 de Xuño e o posterior n.º 171 de 18 xullo de 1997, para corrección de erratas)

**Real Decreto 1407/1992** polo que se regulan as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos equipos de protección individual. (BOE 28/12/1992)

**Real Decreto 159/1995** polo que se modifica o Real Decreto 1407/1995 regulando as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos equipos de protección individual. (BOE 08/03/1995)

**Real Decreto 374/2001, de 6 de abril**, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo. (BOE 01/05/2001)

**Real Decreto 286/2006** sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados ca exposición ao ruído. (BOE 11/03/2006)

**Real Decreto 413/1997** sobre protección operacional dos traballadores externos con risco de exposición a radiacións ionizantes por intervención en zona controlada. (BOE 16/04/1997)



XUNTA  
DE GALICIA